

SERVIZO DE FESTAS

ÁREA DE SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



Expediente 10333-335

INFORME-PROPOSTA

INICIO DE EXPEDIENTE DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A SELECCIÓN DE ACTUACIÓNS ARTÍSTICAS OU ESPECTÁCULOS PARA O AUDITORIO DE CASTRELOS E OUTRAS LOCALIZACIÓNS NO VERÁN 2025

ANTECEDENTES DE FEITO

O servizo de Festas da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal ten previsto entre as súas actividades de carácter sociocultural a organización de concertos no verán de 2025.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Constitución Española no seu artigo 44.1 establece que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todos teñen dereito. Os municipios teñen competencia para promover e realizar actividades culturais, de conformidade co previsto nos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

Segundo.- A concellaría de Festas ten atribuída as seguintes competencias:

1. A xestión do Auditorio ao aire libre de Castrelos en relación á programación municipal que nel se desenvolva.
2. Planificación e xestión do Programa anual de concertos na cidade de Vigo.
3. Xestión do Programa do Entroido.
4. Planificación e xestión do Programa da Cabalgata dos Reis Magos.

Polo tanto, o servizo de Festas da área de goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal, é o que ten encomendado entre as súas funcións, a "A xestión do Auditorio ao aire libre de Castrelos en relación á programación municipal que nel se desenvolva" e "Planificación e xestión do Programa anual de concertos na cidade de Vigo". Os concertos se celebrarán no verán de 2025.

Terceiro.- Para seleccionar as propostas artísticas de espectáculos para o verán, garantindo que a programación no seu conxunto dea como resultado unha oferta atractiva e de interese para a cidadanía en xeral, é preciso solicitar propostas artísticas das empresas promotoras e organizadoras de espectáculos. Deste xeito, facilítase que todas as empresas do sector poidan presentar propostas e optar a celebración dos posteriores contratos para a concreta actuación artística de que se trate. A realización dunha previa convocatoria pública garantiría, tanto a transparencia na elaboración do programa de cada festa como a concorrencia dos potenciais licitadores, e se evitaría que a titularidade dos



dereitos de exclusiva que permite utilizar o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación dos artistas, en aplicación do previsto no artigo 168 a.2ª da LCSP, sexa xerada artificialmente pola Administración, tal e como proscribe a Directiva 2014/24/UE no seu considerando 50.

Cuarto.- Segundo a doutrina consultiva, os contratos de servizos que teñan por obxecto a interpretación artística e literaria e os de espectáculos considéranse contratos privados (informe JCCA 129/2018, de 21 de outubro de 2019). Poderán tramitarse a través de contratos negociados sen publicidade se concorren as circunstancias previstas no artigo 168.a.2ª da LCSP "Cuando ... los servicios solo puedan ser encomendados a un empresario determinado, por alguna de las siguientes razones: que el contrato tenga por objeto la creación o adquisición de una obra de arte única no integrante del Patrimonio Histórico español o actuación artística única; que no exista competencia por razones técnicas; o que proceda la protección de derechos exclusivos, incluidos los derechos de propiedad intelectual e industria".

Quinto.- A competencia para o inicio do expediente correspóndelle á concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal en virtude do Decreto de delegación da Alcaldía do 20 de xuño de 2023 e 28 de xuño de 2024 e do acordo da Xunta de Goberno Local de 28 de xuño de 2024, polo que se aproba o texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros delegados da Área de Goberno.

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

"1º.- Iniciar o expediente administrativo para a convocatoria pública para a selección de actuacións artísticas ou espectáculos para o Auditorio de Castrelos e outras localizacións no verán 2025.

2º.- Aprobar as bases da convocatoria pública incluídas nos Anexos I, II e III.

3º.- Publicar a convocatoria no perfil de contratante do Concello de Vigo aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público e na páxina web municipal.

4º.- Abrir o prazo de presentación de propostas unha vez publicada a convocatoria".

A xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos
(sinatura dixital)

DECRETO

Vista a precedente proposta, **RESOLVO** de conformidade.

A concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/11/2024 12:03	Páxina 2 de 11
10333-335	CSV: A6A9C8-BBE629-A9DD25-K72WE2-7S62JT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

SERVIZO DE FESTAS

ÁREA DE SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



Expediente 10333-335

Dou fe, a secretaria do Goberno Local
(sinatura dixital)

ANEXO I

BASES DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A SELECCIÓN DE ACTUACIÓNS ARTÍSTICAS OU ESPECTÁCULOS PARA O AUDITORIO DE CASTRELOS E OUTRAS LOCALIZACIÓNS NO VERÁN 2025

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

Esta convocatoria ten por obxecto a selección de propostas artísticas e espectáculos para conformar a programación de concertos a celebrar no Auditorio de Castrelos e outras localizacións no verán de 2025.

A participación efectuarase en réxime de concorrencia competitiva, de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como os de eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e de eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

2.- REQUISITOS DAS PROPOSTAS ARTÍSTICAS

As propostas artísticas terán as seguintes características:

- Poderán consistir en actuacións musicais, de danza, teatro, circo, maxia ou outras artes escénicas, tanto nacionais como internacionais.
- Que sexan de interese xeral e dean cobertura a unha maior diversidade de público obxectivo posible, (como mínimo 15.000 persoas).
- O espectáculo proposto deberá adaptarse ao espazo e as características técnicas do Auditorio ao aire libre de Castrelos.
- Tanto os artistas como os seus representantes e os promotores dos eventos terán que aceptar as características especiais da venda de entradas na platea (5.000 entradas a prezos populares) e que existe unha grada de acceso libre e gratuito.
- As produtoras ou promotoras deberán acreditar cando se lles requira ser titulares dos dereitos de exclusividade da actuación do artista en Vigo na data proposta e comprometerse a non programar o mesmo espectáculo nun radio de 35 quilómetros.
- Os espectáculos non poderán supoñer ningún risco para o público asistente. Evitaranse aqueles que propoñan pirotecnia ou montaxes complexas que poda afectar a seguridade do público.
- Os espectáculos terán unha duración mínima de 90 minutos.

3.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSTAS



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/11/2024 12:03	Páxina 3 de 11
10333-335	CSV: A6A9C8-BBE629-A9DD25-K72WE2-7S62JT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O prazo de presentación das propostas iniciárase ao día seguinte da publicación da convocatoria no perfil de contratante do Concello de Vigo, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público, e na páxina web municipal.

O prazo estará aberto ata que se complete a programación dos concertos de verán.

4.- FORMA DE PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS

As **propostas** presentaranse nun único arquivo co seguinte **contido**:

1. Nome e traxectoria profesional do artista/s ou grupo. Indicaranse, a lo menos, os seguintes aspectos:
 - a) Traxectoria da carreira musical do artista/s ou grupo.
 - b) Relación dos premios gañados, nacionais ou internacionais, de prestixio no eido musical.
 - c) Nº de copias vendidas dos seus álbumes, sinxelos, dvd ou descargas da súa discografía.
 - d) Relación das xiras nacionais ou internacionais realizadas.
 - e) Relación do número de seguidores en plataformas dixitais e redes, tanto xenéricas como especializadas en música.
2. Datas propostas para a actuación e a dispoñibilidade do/a/s artista/s. As datas serán compatibles co calendario programado para as actuacións no Auditorio de Castrelos, previstas para os meses de xullo e agosto.
3. Anexo II asinado. No mesmo se detalla a produción que o Concello porá a disposición do promotor, e o compromiso deste de aceptala.
4. Prezo final ofertado que inclúa o caché do artista, o catering e hospitalidade, así como os equipos de son e iluminación e todos aqueles elementos materiais e recursos humanos que pretenda utilizar para o escenario e a produción que non estean previstos no Anexo I, segundo o modelo do Anexo II. O produtor/promotor, de resultar seleccionada a súa proposta, deberá incluír na súa produción para o espectáculo os elementos materiais e recursos humanos incluídos na súa proposta. No prego de cláusulas administrativas particulares se penalizará o incumprimento desta obriga.

As propostas deberán presentarse exclusivamente a través do Rexistro electrónico do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>).

5.- CRITERIOS DE SELECCIÓN

Os criterios de selección das propostas artísticas ou espectáculos serán os seguintes:

- 1) **Adecuación da proposta ao presuposto de programa de Castrelos. Este deberá contar cun mínimo de 10 espectáculos, que no seu conxunto inclúan variedade de estilos e abarquen todos os tipos de públicos obxectivos posibles (xvenil, adulto e interxeneracional).**
- 2) **Traxectoria artística do artista/s ou grupo proposto:**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/11/2024 12:03	Páxina 4 de 11
10333-335	CSV: A6A9C8-BBE629-A9DD25-K72WE2-7S62JT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

SERVIZO DE FESTAS

ÁREA DE SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



Expediente 10333-335

- a) **Estar en posesión dalgún premio nacional ou internacional de prestixio no eido musical:** Grammy ; American Music Award; Latin American Music Awards; MTV; Globo de Oro; BBC Music Awards; 40 principais; Premio Ondas ou similar.
 - b) **A súa discografía.** Valorarase o número de copias vendidas (físicas ou dixitais) ou a súa equivalencia en descargas (streams).
 - c) **As xiras nacionais ou internacionais** realizadas.
 - d) **O número de seguidores en plataformas dixitais e redes, tanto xenéricas como especializadas en música.**
- 3) **Producción proposta a maiores da posta a disposición polo Concello (Anexo II) e relacionada no Anexo III da oferta.**
- 4) **Número de artistas ou grupos propostos para o espectáculo.**

Se dúas propostas conteñen o mesmo artista ou artistas, valorarase so a máis económica, sempre e cando reúna todos os requisitos esixidos.

6.- VALORACIÓN DAS PROPOSTAS

Presentada unha ou varias propostas, en primeiro lugar os técnicos do servizo de Festas examinarán se reúnen os requisitos exixidos. En caso contrario, notificaráselle esta circunstancia aos interesados e concederáselle un prazo de cinco días hábiles para a súa emenda. En caso de non emendala no prazo conferido ao efecto, a proposta non será tida en conta.

A continuación procederase a súa valoración polos técnicos do servizo de Festas e a Concelleira da área de goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal.

A Concelleira da área de goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal aprobará a selección de propostas. Seleccionada unha proposta notificarase esta circunstancia ao interesado. No entanto, non se publicarán as propostas seleccionadas no perfil do contratante ata que se aprobe a programación de concertos de verán.

7.- CONTRATACIÓN DAS PROPOSTAS SELECCIONADAS

Unha vez seleccionada a proposta se requirirá a presentación da documentación que acredite que o promotor/produtor dispón dos dereitos de representación en exclusiva do artista. No caso de que non fora o titular dos mesmos achegará a seguinte documentación:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/11/2024 12:03	Páxina 5 de 11
10333-335	CSV: A6A9C8-BBE629-A9DD25-K72WE2-7S62JT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Copia do documento acreditativo de cesión dos dereitos de representación en exclusiva do artista.
- Documento acreditativo da cesión dos dereitos a favor do promotor/produtor para o día no que se efectuará o espectáculo en Vigo.

Para a posterior contratación, tramitaranse os correspondentes expedientes administrativos polo procedemento negociado sen publicidade por razóns de exclusiva.

8.- RESOLUCIÓN

O Concello de Vigo publicará no perfil do contratante, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público, a resolución aprobatoria da programación de concertos de verán que inclúa as propostas seleccionadas no prazo máximo de 10 días naturais a contar dende o día seguinte á selección da última das propostas que inclúa.

A continuación, o Concello de Vigo iniciará os expedientes de contratación cos espectáculos aprobados polo procedemento negociado.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/11/2024 12:03	Páxina 6 de 11
10333-335	CSV: A6A9C8-BBE629-A9DD25-K72WE2-7S62JT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

SERVIZO DE FESTAS

ÁREA DE SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



Expediente 10333-335

ANEXO II

PRODUCCIÓN FACILITADA POLO CONCELLO EN CASTRELOS

D, con DNI nº, en nome propio (ou en representación de), manifesta que:

Acepta a produción técnica e as normas de acceso o recinto do auditorio ao aire libre de Castrelos que o Concello porá a súa disposición, e que se relacionan a continuación, e se compromete a achegar ao seu cargo os equipos de son e iluminación e todos aqueles elementos materiais e recursos humanos que pretenda utilizar para o escenario e a produción que non estean previstos neste Anexo (si/non).

1.- MEDIOS TÉCNICOS, EQUIPAMENTOS E MATERIAIS

1.1.- Escenario e recinto:

O escenario ten as seguintes medidas: 20 mts de boca x 10,40 mts de altura (dende a tarima ata o punto masi baixo da cuberta) x 14 mts de fondo x 1,85 de altura (dende o chan ata a tarima). O escenario e totalmente cuberto no teito, laterais e fondo, con dúas ramplas de acceso o mesmo. Leva varanda en todo o perímetro agás na fronte.

1.2.- Infraestruturas e outros materiais:

- Dúas ás de son de 2,00 x 2,50 x 16,00 m. (aproximadamente de oco libre que permitan o voador dos equipos de son de 2.400 kg (en cada á) de carga máximo. Nas notas de cálculo deberán ter en conta que leva un cubre PA.
- Unha estrutura "mixer" cunha plataforma de son de 5x6 situada rente o chan. Dispoñe de tarimas independentes por se fosen necesarias para elevar a algún técnico por cuestións de visibilidade. Esta cuberta no teito e nos laterais, deixando soamente a fronte aberta. Ten dous metros de altura libre na parte mais baixa do seu interior.
- Unha estrutura de canóns de 4x2x1,50 m planchada, na parte superior da grada exterior e centrada na mesma a 80 metros de distancia da fronte do escenario, cuberta no teito e nos laterais, deixando soamente a fronte aberta. Está estrutura está rodeada de valado alto no seu perímetro.
- Dúas estruturas para a instalación de dúas pantallas dun mínimo de 3 m de ancho por 5 de alto e ata un máximo 4 m de ancho por 6 m de alto aproximadamente, situadas a ambos os dous lados do escenario, que está anexada ás torres de son facendo un so corpo as dúas. A parte inferior da pantalla quedará a 5 metros do chan. Soportan un peso de 900 kg aproximadamente.
- Dúas torres para o Delay de 2x2x7 con capacidade para cargar 700 kg. Están construídas cun sistema de estada tubular multidireccional e as plataformas que conforman o chan da mesma teñen unha capacidade de carga de 7.5 kN/ m2. O chan estará plano e libre de obstáculos.

1.3.- Valos:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/11/2024 12:03	Páxina 7 de 11
10333-335	CSV: A6A9C8-BBE629-A9DD25-K72WE2-7S62JT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- a) Valado antipánico no fronte do escenario e fronte ao mixer.
- b) Valado peonil de 2000x1000, tipo evento (100 unidades) e alto de 3000x1900 con estrutura reforzada por marco no seu perímetro e os seus correspondentes pés de formigón/plástico/caucho (60 unidades) nos seguintes espazos: perímetro das plataformas de son, mesa de control de equipos de luz e son, estrutura de canons (situada na grada exterior), o aparcamento, os carrís de acceso de público, "merchandising", cabinas sanitarias non conectadas a rede (situadas na grada exterior) e calquera outro punto que se precise por motivos de seguridade ou restrición de acceso. Os valos altos irán recubertos de rafia de ocultación de un mínimo de 85 % ou calquera outro material que oculte e opaque .

1.4.- Pantallas de LEDS:

Dúas pantallas de LED a ambos lados do escenario, das seguintes características:

- a) 3 metros de ancho por 5 de alto.
- b) Outdoor IP 65, P 5, resolución HD, luminiscencia 6000 nits e tarxetas de velocidade de refresco de 160 Hz, escalador/procesador full HD, cos accesorios e equipamentos necesarios para o seu correcto funcionamento (soporte para voador, trusses, cableado, motores) e para a realización da proxección.
- c) Tres cámaras con operador que cumpren con todos os estándares de emisión (cámaras HD-SDI con CCD de 2/3"), cableado necesario para audio e vídeo.
- d) Unha das cámaras ten radio enlace de video inalámbrico, capaz de entregar video FHD a 150 metros de distancia con menos de 100ms de latencia. Ten conexión de entrada e saída 3G SDI e batería suficiente para transmitir durante 5 horas seguidas.

1.5.- Camerinos:

- a) No primeiro andar do edificio traseiro hai unha zona para catering en caso de que fose necesaria, con 14 mesas, 40 cadeiras e 3 neveiras botelleiros.
- b) O recinto dispón de 6 camerinos (dous colectivos para dez persoas; dous individuais para os artistas principais e dous colectivos para seis persoas) con sanitarios e ducha (con toallas grandes e toallas pequenas e de cor negro, xabón, papel hixiénico e papeleira), luz eléctrica, auga corrente, enchufes a 220 voltios e co seguinte mobiliario: 30 cadeiras, 2 sofás, 8 sillóns mecedora, 4 mesas de centro, 4 neveiras, 4 colgadoiros - burros, 2 espellos de corpo enteiro, 6 papeleiras, ferro de pasar e mesa de ferro de pasar e perchas.
- c) Unha carpa de 3x3 extensible coas teas e teito negro para camerinos de cambio rápido.

1.6.- Outra maquinaria e equipamentos :

- a) Unha carretilla elevadora 4x4 para 2.500 kg. cunha capacidade de elevación mínima de 5 metros con desprazamento lateral e estará dispoñible durante todo o período descrito nos pregos de utilización do recinto.
- b) Unha plataforma de elevación móbil persoal con capacidade de subir a 12 metros de altura a 20 metros de distancia da maquinaria.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/11/2024 12:03	Páxina 8 de 11
10333-335	CSV: A6A9C8-BBE629-A9DD25-K72WE2-7S62JT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Expediente 10333-335

1.7.- Liñas de vida para traballos en altura:

O Concello terá instalados na cuberta, por si alguén tivese que acceder, o seguinte material:

- a) 2 liñas de vida verticais temporais de 12 metros de lonxitude mínima (conforme ás esixencias da norma UNE-EN 353.2) para o acceso á cuberta do escenario.
- b) 2 liñas de vida horizontais temporais de 20 metros de lonxitude (conforme ás esixencias da norma UNE-EN 795B) para os desprazamentos lonxitudinais na cuberta do escenario.
- c) 6 liñas de vida horizontais temporais de 15 metros de lonxitude mínima (conforme ás esixencias da norma UNE-EN 795B) para os desprazamentos transversais na cuberta do escenario.

1.8.- Acometidas eléctricas:

O auditorio ten una instalación fixa cos seguintes conectores, potencias e proteccións necesarias para cada unha delas:

- Cadro Dereito

- 1 Toma de 400 A para puntas libres
- 1 Toma de 400 A para terminales
- 2 Tomas de power lock 3 F + N + T
- 2 Tomas de 125 A con conector CEE FORM 3F + N + T
- 2 Tomas de 63 A con conector CEE FORM 3F + N + T
- 3 Tomas de 32 A con conector CEE FORM 3F + N + T

- Cadro Esquerdo

- 1 Tomas de 125 A con conector CEE FORM 3F + N + T
- 2 Tomas de 63 A con conector CEE FORM 3F + N + T
- 2 Tomas de 32 A con conector CEE FORM 3F + N + T

Si fose necesario, o Concello instalará cadros de distribución si así o solicitase o rider do ARTISTA, a modo de exemplo debería de cubrir as seguintes necesidades:

- 2 Toma de iluminación con conector Powerlock 400 A (3 fases + N + T), unha no lado esquerdo do escenario e outra no lado dereito.
- 3 Tomas para equipo de son con conector CEE FORM de 63 A (3 fases + N + T), unha en cada á de P.A. e outra ao lado dereito do escenario.
- 1 Toma para equipo de vídeo con conector CEE FORM de 125 A (3 fases + N + T) no centro da parte traseira do escenario.
- 2 Tomas para as dúas pantallas de LED laterais con CEE FORM trifásico de 32 A (3 fases + N + T).
- 2 Toma para "Mixer" con cadro de distribución de 32 A con tomas CEE FORM monofásicas e Schuckos 16 A



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/11/2024 12:03	Páxina 9 de 11
10333-335	CSV: A6A9C8-BBE629-A9DD25-K72WE2-7S62JT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 2 Toma para plataforma de canons de 32 A monofásico (fases + N + T) e Schuckos 16 A
- 3 Tomas para os motores con conector CEE FORM de 32 A (3 fases + N + T) unha ao lado esquerdo do escenario e outra en cada á da P.A.
- 1 Toma para os autobuses dos artistas con conector de CEE FORM de 32 A (3 fases + N + T) no parking habilitado ao efecto. Distancia 150 metros aprox.
-

1.9.- Certificación de cargas da cuberta

O ARTISTA debe de implantar a súa montaxe no plano da cuberta facilitado polo Concello. Debe incluír el estudio de cargas previo, tras presentación de plano de cargas por parte do ARTISTA, sempre con 15 días de antelación a data do Concerto/Evento, terá que ser aprobado e certificado.

Este tramite o fará o Concello, e será emitido por técnico cualificado con titulación universitaria e o certificado expedido debe estar selado po lo colexio oficial correspondente.

1.10 Delay

- a) Dous puntos de delay no muro próximo ao foso do recinto, cun sistema Line Array, composto de 12 caixas, seis por delay.

2.- RECURSOS HUMANOS

2.1.- Medios humanos para a xestión de traballos técnicos e auxiliares da produción local dos espectáculos e montaxe das instalacións. Funcións e tarefas.

- a) 1 Coordinador/a de Producción, xefe/a responsable de produción
- b) 1 responsable de "backstage" (stage manager) - xefe/a de intervención
- c) 1 Coordinador/a de vixiantes e auxiliares de organización e porteiros
- d) 1 responsable Coordinador de Persoal (Grupo II do CCESPC)
- e) 16 postos para tarefas de Auxiliar montaxe e desmonte
- f) 1 electricista
- g) 1 condutor de carretilla elevadora
- h) 3 Rigger. O proceso de marcaxe no chan dos puntos de rigging, e labor do ARTISTA.
- i) 1 persoa de atención a camerinos e cartering persoal
- j) 1 técnico/a de realización
- k) 3 técnico/a de cámara
- l) 1 técnico de pantallas
- m) 1 DUE (Diplomado Universitario de Enfermería)

2.2.- O persoal auxiliar de organización e vixiantes uniformados será acorde o Plan de Autoprotección.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/11/2024 12:03	Páxina 10 de 11
10333-335	CSV: A6A9C8-BBE629-A9DD25-K72WE2-7S62JT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

SERVIZO DE FESTAS

ÁREA DE SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



Expediente 10333-335

ANEXO III
MODELO DE PROPOSICIÓN

D, con DNI nº, en nome propio (ou en representación de), manifesta que:

1.- Que propón como prezo total da actuación artística do artista/s ou grupo o de euros. Este prezo desagregase nos seguintes conceptos:

- a) Caché do artista.
- b) Catering e hospitalidade para o artista, técnicos e persoal.
- c) Produción técnica proposta a maiores da posta a disposición polo Concello e relacionada no Anexo I.
- d) Outros gastos no seu caso.

2.- Propón os seguintes medios técnicos e recursos humanos de produción para a actuación, a maiores dos facilitados polo Concello e relacionados no Anexo II:

- a) Incluirase a descrición detallada dos equipamentos de son, iluminación, vídeo e calquera outro equipamento ou estrutura que instalará para dar cobertura ao espectáculo (marca, modelo, cantidade e características técnicas dos equipos).
- b) Planos da montaxe.
- c) Recursos humanos propios que aporta para a realización do espectáculo (persoal técnico de son, iluminación, vídeo, montaxe, catering, runners e calquera outro).

Lugar, data e sinatura do licitador.

